

FINA CASALDERREY


TANA

A INVISIBLE <

e a catástrofe
iminente

Ilustracións de
Lucía Cobo

rodeira



FINA CASALDERREY

TANA

A INVISIBLE <

e a catástrofe
iminente

FINA CASALDERREY

TANA

A INVISIBLE <

*e a catástrofe
inminente*

Ilustracións de
Lucía Cobo

© Texto: Fina Casallerrey, 2026
© Ilustracións: Lucía Cobo, 2026

© Edición: Rodeira, 2026
Rúa Camiños da Vida, s/n
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)
edebe.com

Directora de Publicacións e editora: Reina Duarte
Coordinadora da produción: Elisenda Vergés-Bo
Deseño da colección: Book & Look

1.^a edición, setembro 2026

ISBN: 978-84-8349-895-8
Depósito legal: B. 11811-2026
Impreso en España / Printed in Spain



PEFC/14-38-00352

PEFC Certificado

Este produto
procede de bosques
xestionados de forma
sostible e fontes
controladas

www.pefc.es

Queda terminantemente prohibido calquera uso desta publicación para adestrar tecnoloxías de intelixencia artificial (IA) xerativa. O autor e o editor reservan para si todos os dereitos de licenza de uso desta obra para o citado fin e para o desenvolvemento de modelos lingüísticos de aprendizaxe automática.

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Dirixase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*A Noema e a Noara,
dous abrochos novos da miña árbore.*

*A ti, que posúes a vontade
de cambiar todo o feo
que hai no mundo.*



Quizais a estas alturas xa me coñezas. Por se acaso, cóntoche...

Son Tana. Vaia, son Caetana. Na miña casa encollemos os nomes coma se fosen xerseis de la metidos en auga moi quente. A papá chamámoslle Xenio, aínda que non viva dentro dunha lámpada marabillosa e no seu DNI apareza «Euxenio». Á tía avoa Fabiana, a científica, dicímoslle Ana, o mesmo que ao avó Basileo, irmán da alma da tía avoa, lle chamamos Leo.

Ao avó ese nome vénlle perfecto, anda sempre cun libro na man coma quen leva unha botella de auga. O avó Leo ten moita sede de ler.

Á miña irmá, que é bastante máis vella ca min, dicímoslle Lope e non, Penélope.

Tan só miña nai conservou sempre o nome completo: Fe. Se llo encollésemos, desapareceríalle como desapareceu ela un domingo de novembro. Din que dela herdei o medo ás arañas e a paixón pola arquitectura. Encántame fabricar casetos de can!

Celta, a miña cadela, e Ígor, o meu mellor amigo, tamén manteñen o nome enteiro. Ígor ten un segundo nome, Yuri; pero eu só llo chamo cando non me fai caso. A única persoa que incumpre a norma é Hermelinda, a nosa empregada de fogar. A Linda gústalle chamarnos «Lopiña», «Taniña», «Celtiña»...

Por certo, Celta é moi falangueira. Cando

alguén pregunta calquera cousa, ela sempre responde «Guau!».

Teño máis ou menos a túa idade. Gústame o balonmán. Son miúda de corpo e colecciono todas as alerxias do mundo. Son hipersensible ás persoas que menten sempre, ás que non menten nunca, aos tronos, aos malos momentos de papá... Tamén me dan reacción as plumas de galiña, os pelos de gato, o pole das flores, o das oliveiras e o po que converte os mobles en taboleiros nos que se pode escribir co dedo. Ás veces cústame respirar e, se estou nerviosa, súo moito.

Con todo, antes era unha nena normal, creo... Agora son diferente de todas as demais compañeiras do colexio, do barrio, da vila e ata do planeta enteiro:

PODO FACERME INVISIBLE!

Talvez siga escribindo as miñas fazañas en cadernos íntimos, que só compartirei contigo.


TOP SECRET.

Se te mergullas nestas páxinas, saberás o preto que estiven de presenciar a destrución do planeta.

E se queres coñecer polo miúdo como conseguín as pastillas da invisibilidade, como descubrín o poder de se multiplicaren só coñ poñelas ao sol, como detecto cando me empezan a facer efecto ou cando me está a pasar..., e mesmo, se che interesa saber como conseguín o meu traxe de heroína, ou o medallón onde sempre levo un par de pímulas por se as preciso, recoméndoches que leas o meu primeiro caderno secreto: *TANA A INVISIBLE, aprendiz de heroína*. E se sentes curiosidade por saber como me enfrontei á vaga de roubos que estragaron a paz de Areamuda este verán, aconséllоче que busques *TANA A INVISIBLE e os peores ladróns do mundo*.

Ah!, se descubro novos poderes, compartireinos contigo, pero non me delates, por favor!

Schsss!



Ígor



Linda



Leo



Ana



Fe



Xenior



Lope



Celta



Tana





O grito



O grito afogado de Gloria, a conserxe do colexio, foi a primeira voz de alarma. Case non se oía, e, aínda así, resultaba arrepiante. Gloria batía coas mans na cabeza, saíanlle os ollos fóra da cunca e abría a boca coma se algo se lle atrancase na gorxa e lle impedise berrar, mentres corría desesperada cara á cancela de saída.

Nós asustámonos moito.

Con todo, vou comezar polo principio...




○ meu titor é xenial! Tamén é un chisco adi-
viño, capaz de anticiparse ao que vai aconte-
cer. Chámase Ricardo, pero eu dígolle Cardo.
El non se enfada. Sorrí.

A primeira vez que llo chamei, respondeu-
me entre risas:

—Pois que saibas que o cardo é a flor na-
cional de Escocia!

Falou en ton solemne e a min deume a
risa, porque sei que, diga o que diga, as follas
dos cardos teñen espiñas que pican. Este
Cardo é diferente. É o mellor mestre do
mundo. Con el sempre o pasamos de mara-
billa.

Aquela mañá entramos na aula armando
un balbordo esaxerado. Falabamos coma se
a lingua nos collese rodas. Cardo, en lugar



de enfadarse, púxose a debuxar na pantalla interactiva unha cunca de café e ao pé escribiu: «Frío». Como non parabamos, volveu debuxar debaixo a mesma cunca e escribiu: «Tres minutos despois, segue frío». E aínda repetiu a cunca unha terceira vez...

Cando escribiu «Seis minutos despois, segue frío», toda a clase quedou en silencio, pendente do enigma. El, sen soltar o lapis dixital, xirouse cara a nós e dirixiunos unha pregunta inesperada:

—Sabedes canto hai que gritar para quen-
tar unha cunquiña de café? —Deseguido ar-
queou as cellas e, con voz de confidente,
borboriñou—: Se gritásemos oito anos, sete
meses e seis días sen parar, esa enerxía que
produciríamos só serviría para quecer unha
cunca de café coma esta.

—Uf! Daquela, esa enerxía non vale para
nada! —deduciu Raúl.

—Certo. Gritar non adoita ser moi útil, aínda que...

Sen rematar a frase, premeu nunha das iconas da pantalla. Axiña apareceu unha imaxe horrorosa. Era un rostro desencaixado, coa boca e os ollos moi abertos. Tapaba as orellas coas mans, coma se non quixese escoitar o seu propio berro estarrecedor.

—Está gritando! —falou Lola.

—Velaquí a pintura con máis sona do noruegués Edvard Munch: *O grito* —aclarou o profesor.

—Gritar, gritará, pero eu non oio nada! —fixo broma Raúl Guerra.

—Pois eu creo que este berro se escoitou e segue a escoitarse en todo o mundo —asegurou Cardo.





Co tema dos berros e dos órganos que os poden producir, chegamos á conclusión de que o músculo máis forte do corpo humano é a lingua. Deseguido, Cardo deu en falar da enorme forza da palabra para cambiar o mundo.

Así chegou a hora do recreo e saímos ao patio felices, coma sempre, sen imaxinarmos que o que ía acontecer en breve non era máis ca o comezo dunha gran catástrofe.

En tropel, corremos ata o estanque do fondo para ver como Gloria limpaba as follas que flotaban na auga coma táboas de surf. Despois botaríalles comida aos peixes, que xa abrían a boca.

—Algo lles pasa, non os vexo coma sempre—dixo mentres destapaba o bote de larvas de mosquito.

De súpeto, soou o seu móbil. Pousou a comida para peixes e sacouno do peto. De in-

mediato lanzou un bradido silencioso, pero
estarecedor, e botou a correr espantada cara
á cancela de saída.

Nós tamén nos alarmamos. Non entendia-
mos nada.

—Un taxi! Un taxi que me leve ao hospital
axiña! —dixo, por fin.

A súa expresión desesperada non se me vai
da cabeza. Puxérase tan nerviosa que non era
capaz de chamar por teléfono e moito menos
de conducir o seu propio coche. O meu titor,
que tiña libre nese momento, ofreceuse a
acompañala decontado ao hospital.



Cando o *profe* chegou de volta, tiñamos
con el clase de Ciencias Naturais, pero pri-
meiro queriamos saber que lle pasara á con-
serxe.



—As urxencias do hospital están colapsadas por xente con doenzas intestinais. Quizais comeron algo en mal estado. O máis estraño é que procedían de lugares diferentes. Non bebedes auga da billa, non vaia ser diso!

Contounos que presenciara un espectáculo horroroso. Dixo que algunhas persoas estaban desfalecidas, outras saltaban coa dor de estómago ou vomitaban... O persoal médico estaba desbordado, tratando de atender a todos os pacientes.

Foi entón cando soubemos que o fillo máis novo de Gloria ingresara na Unidade de Coidados Intensivos, na UCI! E que el non era o único. Ao vernos o pánico debuxado nas caras, Cardo cambiou o rumbo da conversa:

—Veña, ánimo! O fillo da conserxe atópase estable e seguro que se ha recuperar. E as demais persoas, tamén. Peor sería que fosen elefantes... —Bramou imitando cunha man

unha trompa e deseguido aclarou—: Non o tomedes a broma. Os elefantes, sendo tan grandes, non poderían saltar por moito que lles doese a barriga!


Nese momento matinei en se eu, estando invisible, podería sentir dor...



○ primeiro que fixen ao chegar á casa foi comprobalo. Encerreime no meu cuarto e engulín un par de pílulas. Sabía que, ao tomarlas sen auga, o efecto sería instantáneo: a calor que me sobe ata os ollos, o sabor a amorodo na boca... Todo controlado! En apenas un pestanexo, xa estaba invisible.

Era consciente de que nese estado non sentiría nin frío nin calor, pero nunca se me ocorrera experimentar coa dor física.

Que podía facer sen me mancar demasia-



do? Tampouco non son tan estúpida como para provocarme un dano irreparable. Ocorréuseme calzar unhas botas que xa me quedaban un pouco xustas e me mancaban na punta da deda gorda ao camiñar. Había tempo que non as poñía. Conseguín metelas, pero nada máis poñerme en pé e intentar dar un paso, xa me estaban trabando coma crocodilos esfameados.

Tentei liberarme daquel suplicio e foi entón cando experimentei unha tortura maior. Non era capaz de as sacar!

Así que, sentada como estaba, axitei os brazos imitando as ás do colibrí. Tan rápido as movín que pronto recuperei o meu aspecto normal. Un pouco estúpida si que me sentín.

«Quizais non debería utilizar as píulas tan á lixeira...»

Media hora máis tarde, Linda estaba dán-

dome unha masaxe reparadora con crema hidratante nos pés, despois de me botar talco en po e tirar das botas coma se fosen un sacarrollas.

—Por todas as follas caídas neste outono!
Como se che ocorreu semellante cousa, Taniña?

